



XUNTA DE GALICIA

XEFACTURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DE LUGO. SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO, EMPRENDEMENTO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Código número 27000445011982

Visto o texto do acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2024 do Convenio Colectivo Provincial da Primeira Transformación da Madeira de Lugo, asinado o día 26 de xaneiro de 2024, pola representación patronal (Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo) e das centrais sindicais CC.OO. (50%), U.G.T. (43,75%) e C.I.G. (6,25%) como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de febreiro de 2024.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

COMISIÓN NEGOCIADORA DEL CONVENIO COLECTIVO DE LA PRIMERA TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LA PROVINCIA DE LUGO

ACTA FINAL DE ACUERDO

En Lugo, a 26 de Enero de 2.024

Asistentes

REPRESENTACIÓN SINDICAL

· POR CCOO con el 50%

* D. Diego Ferreiro Morado. (DNI nº33544975G)

* D. Jose Manuel Brea Méndez (DNI 33851807Q)

· POR UGT con el 43,75%

* D. Carlos García Vázquez (DNI nº11922182V)

* D. Diego José Chao Rubal (DNI nº 33998011-D)

· POR CIG con el 6,25%

* D. Alfonso Losada Rodríguez (DNI nº76578117-P)

REPRESENTACION PATRONAL (Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo)

* Dña. Angeles Vila Cajete (DNI nº33998804-C)

* Dña. Laura Lozano Hermida (DNI nº33552667-Z)

* Dña. Nuria Rodríguez Arias (DNI nº34267513-C)

ASESORES

* D. Adrián Núñez Fernández (DNI nº 33344942-W)

En la ciudad de Lugo, a 25 de Enero de 2.024, se reúnen los representantes de las Centrales Sindicales y de la Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo que al inicio de la presente Acta se identifican y relacionan, con el objeto de proceder a la negociación de la Revisión Salarial para el año 2024 del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo, (BOPLU de 7 de Marzo de 2.022-Código 27000445011982); reconociéndose con legitimación y capacidad suficiente para negociar, con la representatividad que poseen,

EXPONEN

Abierta la sesión y después de una amplia deliberación por las partes negociadoras, se adoptan los siguientes,

ACUERDOS

PRIMERO.- Constituir la comisión deliberadora para la negociación de la Revisión Salarial del año 2.024.

SEGUNDO.- Aprobar Tabla Salarial revisada para el año 2.024 del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo, (BOPLU de 7 de Marzo de 2.022-Código 27000445011982), conforme a lo previsto en el Art. 13 del Convenio.

Teniendo en cuenta el contenido de dicho artículo, para el supuesto de que el IPC real estatal del periodo 2020-2023 resultase superior a la suma del incremento pactado para las anualidades señaladas, se efectuará una revisión en el exceso de dicho incremento, revisión que no tendrá efectos retroactivos, sirviendo de base para aplicar el incremento correspondiente al año 2.024.

Es por ello que, resultando superior el IPC real estatal del periodo 2020-2023 a la suma del incremento pactado en el Convenio para estas anualidades, procede aprobar la Tabla Salarial para el año 2.024, en el exceso de dicho incremento, es decir, con un incremento del 9,4% sobre los salarios de 2.023.

Se adjunta a la presente acta, la Tabla Salarial del 2.024 como Anexo I.

TERCERO.- Remitir a través del REGCON la presente Acta y la documentación adjunta a la Consellería de Empleo e Igualdade para que sea supervisado y se proceda a su remisión para publicación al BOP de Lugo.

CUARTO.- Habilitar y autorizar expresamente a D. ADRIÁN NÚÑEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33344942-W, para que realice las gestiones necesarias a los efectos proceder a la tramitación, depósito y publicación de los acuerdos adoptados en el BOP a través del REGCON, así como realice las subsanaciones que resulten procedentes.

Y en prueba de conformidad se firma la presente acta por los integrantes de la Comisión Mixta Deliberadora, en el lugar y fecha expresados en el encabezamiento.

Angeles Vila Cajete Fdo.: Laura Lozano Hermida, Nuria Rodríguez Arias Fdo.: José Manuel Brea Méndez, Diego Ferreiro Morado, Alfonso Losada Rodríguez, Carlos García Vázquez, Diego José Chao Rubal.

ANEXO

TABLA SALARIAL 2.024

Convenio Colectivo Provincial da Primeira Transformación da Madeira da Provincia de Lugo

Efectos dende o 01/01/2024

	Salario base día	Anual
Grupo III		
Encargado Xeral	49,04	20.843,63
Grupo IV		
Encargado	45,54	19.355,86
Grupo V		
Afilador de 1ª Aserrador de 1ª Conductor Delineante de 2ª Oficial administrativo Profesional de oficio de 1ª Profesional de oficio de 2ª Oficial de mantemento	42,04	17.868,02

Grupo VI		
Afilador de 2ª Apilador Aserrador de 2ª Auxiliar administrativo Axudante Axudante de aserrador Canteador Capataz de especialistas Conductor de 2ª Mecánico de 2ª Motoserrista Especialista Vendedor Medidor	38,55	16.384,83
Grupo VII		
Canteador Apilador Aserrador de serra Cablista Ordeanza Mozo Persoal de limpeza	37,80	15.876,00

R. 0435

CONCELLOS**AS NOGAIS***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de febreiro de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xaneiro de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 9 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0440

PANTÓN*Anuncio*

-De conformidade codisposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non sendo posible a notificación no último domicilio coñecido e ignorando o lugar de notificación faise pública o Decreto da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2024 pola cal procédese á declaración de baixa de oficio por non residir no citado inmovible da cal se relacionan no anexo adxunto, sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

PRIMERO.- Declarar a baixa da inscrición padroal das persoas que se relaciona no anexo, acordando a súa baixa no vixente Padrón Municipal de Habitantes deste Municipio, con efectos da data en que lles sea notificada a presente resolución, ben persoalmente ou mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Comunicar ao INE a correspondente baixa no ficheiro mensual de variacións.

-Iniciar expediente de baixa de oficio a nome de:

PASAPORTE	Apellidos e nome	ENDEREZO
Y03776285K	Lev Berlin Raut	O TORRÓN, 15-SAN VICENTE DE POMBEIRO
Y09998955H	Maria Novikova	O TORRÓN, 15-SAN VICENTE DE POMBEIRO

TERCEIRO Acordar a baixa no Padrón municipal de habitantes das inscricións que anteceden, que terá efectos desde a data da notificación da presente resolución.

CUARTO.- Notifíqueseles a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- a) Recurso de reposición, potestativo, ante o Ilmo. Sr. Alcalde no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel no que se reciba a presente notificación (art. 107, art. 116 e art. 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución ou, de ser o caso, dous meses a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. No caso de que non se produza esta resolución expresa, o prazo será de seis meses, contados dende o seguinte a aquel no que se produza o acto presunto (art. 72 da Lei 4/1996, de 10 de xaneiro, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, art. 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- c) Tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente en defensa dos seus intereses". Así mesmo, a teor do establecido no art. 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse en coñecemento de todas aquelas persoas interesadas que, no PRAZO DE DEZ DÍAS a partir da publicación do presente anuncio, poderán solicitar copia do texto íntegro do devandito acto.

Pantón, 22 de xaneiro de 2024.- Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0448

RIBADEO

Anuncio

Advertido erro na publicación efectuada no BOP de Lugo núm 018 de data 22 DE XANEIRO DE 2024 relativo a modificación da Ordenanza T 26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL

CONSIDERANDO o disposto no artigo artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece que *"As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"*.

Publícase a corrección que queda do seguinte xeito:

6. ACTIVIDADES ACUÁTICAS		
<i>Cota mensual</i>	<i>ABOADOS</i>	<i>NON ABOADOS</i>
<i>a) Infantil, pensionista, xubilado e discapacitado</i>		
- 1 día/semana	7,85 €	15,69 €
- 2 días/semana	15,69 €	31,43 €
- 3 días/semana	23,58 €	47,11 €
<i>b) Adultos</i>		
- 1 día/semana	10,95 €	21,98 €
- 2 días/semana	21,98 €	44,00 €
- 3 días/semana	32,99 €	66,00 €
<i>c) Natación escolar</i>		
- 1 día/semana	12,55 €	
- 2 días/semana	25,14 €	
<i>d) Cursos intensivos de verán</i>		
- Quince días	23,58 €	47,11 €

Ribadeo, 12 de febreiro de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 0449

SARRIA*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 28/12/2023, acordou aprobar provisionalmente a modificación das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Subministro de Auga (Expte. 2464/2023).
- Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo servizo de Rede de Sumidoiros (Expte. 2482/2023).

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométense os expedientes a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, os acordos de aprobación provisional estarán a disposición dos interesados no Portal de Transparencia de Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse aprobados definitivamente os acordos de aprobación provisional.

Sarria, 5 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez. Sarria.

R. 0444

XOVE*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0213 de data 14 de febreiro de 2024, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó cuarto trimestre de 2022.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico – administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 15 de febreiro ata 14 de abril de 2024.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 14 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0445

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Anuncio

En sesión de data 5 de febreiro de 2024 o Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos Concellos de Cervo e Burela aprobou a aceptación da cesión plena e de xeito gratuíto efectuada polo Concello de Cervo (Lugo) da parcelas situadas na parroquia de Rúa así como a afectación expresa dos bens inmobles patrimoniais cedidos a bens de dominio público.

Sométese a información pública o acordo que a continuación se indica no Boletín Oficial da Provincie de Lugo durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que, no seu caso, se estimen pertinentes:

PRIMEIRO.- Aceptar, por parte do Consorcio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento de Auga aos Concellos de Cervo e Burela con CIF P2700014J, a cesión plena e de xeito gratuíto efectuada polo Concello de Cervo (Lugo) dos seguintes bens inmobles:

a).- A parcela situada no lugar de Poceira, parroquia de Rúa (Cervo), cunha superficie de seis áreas e vinte e unha centiáreas (621 m²), parcela catastral 27013A072022710001TG, que linda Norte: con finca catastral 27013A07201100; Sur: con finca matriz resultante; Este: Con finca matriz resultante; Oeste: con pista a San Salvador.

Enclavadas na finca atópanse catro construcións (depósitos) destinadas ao abastecemento de augas que foron construídos en formigón armado e bloques de formigón, no ano 2009, cunhas superficies de:

Depósito 1, cunha superficie de 71 m² en planta.

Depósito 2, cunha superficie de 20 m² en planta.

Depósito 3, cunha superficie de 104 m² en planta

Depósito 4, cunha superficie de 30 m² en planta.

b).- A parcela situada na parroquia de Rúa (Cervo), lugar denominado Coto Vedral, cunha superficie de once áreas e cincuenta centiáreas (1150 m²), parcela catastral 27013A072022750000RR, que linda Norte: con finca matriz resultante; Sur: con finca matriz resultante; Este: Con finca matriz resultante e camiño; Oeste: finca matriz resultante.

Enclavado na finca atópanse unha construción destinada a depósito de auga, construído con muros e cuberta de formigón, que foi construído no ano 2009.

Depósito de planta baixa, cunha superficie de 78 m² en planta.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a afectación expresa dos bens inmobles patrimoniais cedidos ao que se fixo referencia no punto anterior, cambiando a súa cualificación a bens de dominio público para a súa vinculación ao servizo público destinado directamente ao cumprimento dun fin público, consistente no desenvolvemento de todas as actuacións necesarias para o abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela, de conformidade co disposto no artigo 7.a) dos Estatutos do Consorcio, segundo o cal este ten por obxecto a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga, en alta, ata os depósitos municipais respecto do ámbito territorial delimitado no artigo 4º dos referidos estatutos.

Así mesmo, publicarase este acordo no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO.- Anotar a aceptación da cesión plena e de xeito gratuíto no Inventario de Bens, que no seu caso, aprobe o Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos concellos de Cervo e Burela.

CUARTO.- Facultar á Sra. Presidenta do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos concellos de Cervo e Burela a realizar os trámites administrativos que sexan necesarios para dar cumprimento aos acordos alcanzados neste eido por parte do Consorcio e, deste xeito, se poidan subscribir todas as actuacións que se deriven do expediente, entre elas, a sinatura da correspondente escritura pública.

QUINTO.- Notificar o presente acordo á entidade pública empresarial, Augas de Galicia, así como aos Concellos de Cervo e Burela, aos efectos oportunos.

SEXTO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que se efectúen os oportunos asentamentos rexistrados segundo a lexislación hipotecaria.

Cervo, 5 de febreiro de 2024.- A presidenta do Consorcio, Teresa María Gutiérrez López.

R. 0450

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01623**

PETICIONARIO: Rosa María de Los Angeles Arroyo Salord

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Graña

LOCALIDAD: A Graña, Castro, O (Santa María)

TÉR. MUNICIPAL: Begonte

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Ameneiro Do/Ameneiro Do

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Graña" – "Rosa María de Los Angeles Arroyo Salord", con un volumen máximo anual de 496 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 9 de febrero de 2024.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0446
